

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

Premios literarios

Rosa Aneiros gaña, dunha vez, o Xerais e o premio da Fundación Caixa Galicia

É a primeira vez que os dous premios recaen nunha mesma autora, con dous textos diferentes. O premio ao mellor título infantil foi para Jacobo Fernández Serrano.

Redacción - 09:30 07/06/2009

Dende que o [Premio Xerais](#) ten diferentes categorías, nunca antes aconteceu que un só autor ou autora gañase á vez en dúas delas, ou nas tres. Porén, esta sábado rompeuse esta xeira, ao gañar a escritora e xornalista [Rosa Aneiros](#) o premio Xerais á mellor novela, con *Sol de Inverno*; e o premio Fundación Caixa Galicia ao mellor título de literatura xuvenil, que acadou con *Ás de bolboreta*.

O terceiro premio da tarde, o Premio Merlín de literatura infantil, foi para Jacobo Fernández Serrano, por *Mil cousas poden pasar*. Fernández Serrano, ademais de escritor, é ilustrador e debuxante de banda deseñada.

Antes de daren a coñecer os nomes dos gañadores de cada un dos galardóns, o escritor Agustín Fernández Paz, que encetou a cerimonia na Illa de San Simón; e o director de Edicións Xerais, Manuel Bragado, faláron das complicada situación na que se atopa a produción cultural galega, sobre todo a literaria e editorial, e máis aínda a feita en galego, cando a circunstancias desta lingua na sociedade e mesmo na educación -no ensino- están a mudar.

A cerimonia puido seguirse en directo dende [Blogaliza.tv](#).